

Padece algún tipo de alerxia? Non ☐ Si ☐  
 É alérxico a: .....

Padece algún tipo de enfermidade? Non ☐ Si ☐  
 Cal?: .....

Toma algún tipo de medicamento? Non ☐ Si ☐  
 Cal?: .....  
 Dose: .....

Por que motivo ten esta medicación? .....

Existe algún motivo polo que non poida facer exercicio físico?  
 Non ☐ Si ☐

Necesita algún réxime de alimentación? Non ☐ Si ☐  
 Cal?: .....

Necesita personal de apoio por NEE? Non ☐ Si ☐

Outras observacións sobre a saúde: .....

Dou a miña autorización para que o meu fillo/a sexa recollido por:  
 D./Dna.: .....  
 con DNI: .....

D./Dna.: .....  
 con DNI: .....

D./Dna.: .....  
 con DNI: .....

Para centros de ensino públicos de infantil e primaria

Todas as actividades encadraranse nas seguintes directrices xenéricas:

- a) Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade.
- b) Educar ao alumnado na adquisición de hábitos saudábeis e a relación destes coas actividades.
- c) Aproveitar os valores a transmitir, para a adquisición de coñecementos que permitan o desenvolvemento das capacidades físicas, a disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade, a amizade, a tolerancia e o xogo limpo.
- d) Fuxir dos estereotipos e actitudes sexistas que vinculan certas prácticas cos nenos e outras coas nenas. A coeducación é un alicerce básico.
- e) Formular as tarefas a deseñar de xeito lúdico, que permitan sobresaír tanto a nenas como a nenos.
- f) Non permitir comportamentos violentos. O adversario no xogo é un compañeiro non un rival.
- g) Acostumar os nenos e as nenas a aceptar a diferenza e a diversidade como elementos positivos e a promover a tolerancia entre individuos.
- h) Axudar a ver o espazo escolar como un espazo de gozo.
- i) Usar a lingua galega como lingua vehicular habitual na dinámica das actividades.

Información e comunicacións de altas e baixas:

981 610 000 / Extensións 4922, 4908 e 4903

Servizo Municipal de Educación: j.diez@oleiros.org

Servizo Municipal de Deportes: a.monteagudo@oleiros.org  
 c.silvestre@oleiros.org

Centro cultural A Fábrica  
 Rúa do Inglés, nº 13. Perillo (Oleiros)

# Actividades municipais

extraescolares



Concello de Oleiros

www.oleiros.org

### BLOQUE DEPORTIVO

#### ■ XOGOS E PSICOMOTRICIDADE (INFANTIL)

Os seus contidos baséanse na utilización do xogo para o desenvolvemento das condutas motrices dos nenos e das nenas a través do movemento, das interaccións cognitivas, emocionais, simbólicas e sensoriomotrices.

#### ■ DEPORTES 1. EDUCACIÓN PRIMARIA

Trabállase, sempre de xeito lúdico e a través do xogo, sobre contidos relacionados con aprendizaxes xerais de varios deportes, tanto sociomotrices ou colectivos (fútbol adaptado, balonmán adaptado e minibasket), como deportes psicomotrices ou individuais (patinaxe e judo). As disciplinas terán carácter rotatorio ao longo do curso escolar, de xeito que ao remate de cada curso se coñeza dun xeito xenérico cada unha delas, e a riqueza e bagaxe motriz sexa o máis ampla posible, tendo en conta que ás idades temperás debemos fuxir da especificidade deportiva.

#### ■ DEPORTES 2. EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Xogos deportivos onde se levan á práctica ampliacións metodolóxicas baseadas nos deportes sociomotrices, en concreto, no minibasket, minibalonmán, minivoleibol, hóckey e fútbol. A través do xogo, iníciase ao alumnado na adquisición de coñecementos e pautas de comportamento nos deportes onde a colaboración e a oposición resultan fundamentais para comezar a entender o xogo en equipo.

b) Habilidades específicas en deportes psicomotrices ou individuais. Utilizando patróns motores relacionados coa patinaxe, co judo, coa ximnasia deportiva e co bádmiton.

### BLOQUE CULTURAL

#### ■ AVENTURA

Propónse a realización de actividades arredor da aventura, entendida esta nun sentido amplo, como poden ser aquelas actividades que desenvolvidas no medio natural, comprenden unha importante actividade física e un material complementario máis motivador que outras actividades. Como por exemplo: a orientación, o campismo, o manexo da bici, as rutas, etc., sen esquecerse da imaxinación e da creatividade.

#### ■ XOGOS

O xogo é unha necesidade vital do ser humano, unha actividade indispensable para o desenvolvemento dos nenos e das nenas, a actividade máis importante da infancia, a profesión dos rapaces e rapazas, un medio de aprendizaxe espontánea, un campo de experimentación de hábitos intelectuais, físicos, sociais, morais...

O xogo produce pracer en si mesmo, sempre á marxe de metas ou obxectivos externos ao propio xogo. Por último, na actividade lúdica hai un predominio dos medios sobre os fins, sendo a finalidade do xogo, xogar, simplemente.

#### ■ DIVERNATURA-NATURA

Cada neno e nena, terá a oportunidade de aprender xogando dun xeito divertido e ameno, distintas cuestións relacionadas co mundo natural. Poñeranse a disposición dos participantes as ferramentas necesarias para comprender e respectar o noso medio natural.

#### ■ DIVERARTE-ARTE

Diverarte pretende achegar o riquísimo mundo das artes aos rapaces e ás rapazas como o teatro, a música, a danza, a pintura...actividades que darán ás persoas participantes unha visión diferente do mundo artístico e axudarán a crear un público con criterio.

### Educación infantil

| Hora  | luns                     | martes                   | mércores                 | xoves                    |
|-------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| 16:00 | Xogos e psicomotricidade | Divernatura              | Xogos e psicomotricidade | Diverarte                |
| 17:00 | Divernatura              | Xogos e psicomotricidade | Diverarte                | Xogos e psicomotricidade |

### Educación primaria

| Hora  | luns       | martes     | mércores   | xoves      |
|-------|------------|------------|------------|------------|
| 16:00 | Xogos      | Deportes 1 | Natura     | Deportes 2 |
| 17:00 | Deportes 1 | Aventura   | Deportes 2 | Arte       |

- **Opción A:** luns e mércores de 16:00 a 18:00 horas.
- **Opción B:** martes e xoves de 16:00 a 18:00 horas.
- **Opción C:** todos os días de 16:00 a 17:00 horas.
- **Opción D:** todos os días de 16:00 a 18:00 horas.

### NORMATIVA DE INSCRICIÓN E SISTEMA DE PAGAMENTO

- As inscricións entregaranse na conserxería do centro de ensino, para o cal deberá cubrirse a presente ficha de inscrición.
- O prazo de inscrición inicial será do 12 ao 23 de setembro. Posteriormente quedará aberto para cubrir posibles vacantes.
- O sistema de pagamento será por domiciliación bancaria.
- Para darse de alta/baixa no programa, deberá ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO a calquera dos seguintes enderezos: a.monteagudo@oleiros.org, c.silvestre@oleiros.org o j.diez@oleiros.org, ou presentar a solicitude da mesma no centro municipal A Fábrica, antes do 20 do mes anterior ao que se desexa cambiar a situación.
- Prezo orientativo: 12,50 € ao mes opcións A, B, C e 25 € ao mes opción D.
- Non se poderá formalizar a inscrición de participantes con cotas pendentes de pagamento.
- No suposto de constar dúas cotas impagadas causará baixa automática no programa.

### Datos persoais

Nome e apelidos do/a participante: .....

Centro escolar: ..... idade: ..... curso: .....

Opción a escoller ☐ A ☐ B ☐ C ☐ D

#### Autorización do pai/nai ou titor

Don/a ..... NIF: .....

Enderezo: ..... CP: ..... Poboación: .....

Teléfono 1: ..... Teléfono 2: .....

Enderezo electrónico: .....

**Solicita:** Que os recibos correspondentes ao prezo público da actividade solicitada do programa de actividades extraescolares municipais, sexan presentados a cobro da entidade bancaria que se solicita.

### CÓDIGO CONTA CLIENTE IBAN:

\_\_\_\_\_

☐ Autorizo a que sexan realizadas fotografías ou gravacións do meu fillo/a ou representado/a participando nas actividades ás que se inscribe, que pasarán a formar parte dos arquivos gráficos das actividades do Concello e poderán ser compartidas nun arquivo gráfico con outros/as participantes ou utilizadas nas publicacións municipais, tanto impresas como electrónicas.

Asdo. nai / pai / titor/a:

Oleiros, ..... de ..... de 201.....

**Nota informativa:** En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, infórmase que os datos persoais desta solicitude, pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade do Concello de Oleiros, con respecto ao cal, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado no rexistro municipal.